Antes do día 15 de cada mes que corresponda os usuarios deberán achegar á dirección da Escola Municipal copia do ingreso do pagamento efectuado. No caso excepcional de que o ingreso produzase con posterioridade ao día primeiro o justificante de ingreso deberá achegarse nun prazo máximo de 5 días desde a finalización do prazo de dez días para a realización do ingreso.

O incumprimento desta obriga considerárase como unha falta de pagamento, coa advertencia de que a falla de pagamento de dúas mensualidades consecutivas ou tres alternas poderá orixinar a perda do dereito á praza.

Cando por causas non imputables ao obrigado ao pago do prezo público, o servizo non se desenvolva, procederá a devolución do importe correspondente.

As débedas por este prezo poderán esixirse polo procedemento administrativo de constrinximento.

A falta de pagamento de dúas mensualidades consecutivas ou tres alternas, sen prexuízo da súa esixencia polo procedemento administrativo de constrinximento, orixinará a perda do dereito á praza.

#### ARTIGO 10º.—INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

Para todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e a imposición das sancións correspondentes, rexerá o disposto nos artigos 178 e nos seguintes da Lei xeral tributaria.

#### ARTIGO 11º.—NORMATIVA APLICABLE.

En todo o non previsto nesta Ordenanza rexerá o Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 da Consellería de Traballo e Benestar e a restante normativa da Comunidade Autónoma ditada na materia.

#### DISPOSICIÓN FINAL:

A presente Ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. Porén o réxime de contías do prezo público será aplicable a partir do curso 2012-2013.

Por todo canto antecede propónse a este Pleno,



1. A aprobación inicial, se procede, da modificación da Ordenanza reguladora do prezo público da escola infantil municipal (0-3).

2. De conformidade co disposto no artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais o presente acordo provisional publicárase no Boletín Oficial da Provincia, e exporase ao público durante o prazo de trinta días, durante os cales os interesados poderán examinalo expediente e presentar as alegacións que consideren oportunas.

3. De non presentarse alegacións no prazo citado entenderase aprobado definitivamente o acordo provisional sen necesidade de novo acordo plenario, en caso contrario o pleno resolverá as reclamacións efectuadas.

Entrará en vigor o día da súa publicación definitiva no BOP.

A Cañiza, a 18 de xuño de 2012.—O alcalde, Miguel A. Domínguez Alfonso.

**2012006261**

## A N U N C I O

### **APROBACIÓN DEFINITIVA DE MODIFICACIÓN DE ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA**

O Pleno do Concello de A Cañiza de 27 de abril de 2012 aprobou inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana.

De conformidade co disposto no artigo 17 do TRLRFL o acordo provisional publicouse no BOP nº 91 de 11 de maio de 2012 e estivo exposto ao público durante o prazo de trinta días (do 12 de maio ao 16 de xuño de 2012 ambos incluídos).

Ao non terse presentado alegacións durante o prazo de exposición ao público o acordo provisional de modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana enténdese definitivamente aprobado.

Contra o acordo de aprobación definitiva, que pon fin á vía administrativa cabe a interposición de recurso contencioso administrativo ante a Sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses a contar dende o día seguinte ao da súa publicación.

### **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPUESTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA.**

#### **CAPITULO I**

#### **FEITO IMPOÑIBLE**

##### *ARTIGO 1º*

1.—Constitúe o feito imponible do imposto o incremento de valor que experimenten os terreos de natureza urbana e que se poña de manifesto a consecuencia da transmisión da súa propiedade por calquera título ou da constitución ou transmisión de calquera dereito real de goce, limitativo do dominio, sobre os referidos terreos.

2.—O título ao que se refire o apartado anterior poderá consistir en:

- a) Negocio xurídico “mortis causa”.
- b) Declaración formal de herdeiros “ab intestato”.
- c) Negocio xurídico “inter vivos”, sexa de carácter oneroso ou gratuíto.
- d) Alleamento en poxa pública.
- e) Expropiación forzosa.



**ARTIGO 2º**

Terán a consideración de terreos de natureza urbana os definidos como tales a efectos do Imposto sobre Bens Inmóbeles. Ós efectos deste Imposto, estará así mesmo suxeito ó mesmo o incremento de valor que experimenten os terreos integrados nos bens inmóbeles clasificados como de características especiais a efectos do Imposto sobre Bens Inmóbeles.

**ARTIGO 3º**

1.—Non está suxeito a este imposto o incremento de valor que experimenten os terreos que teñan a consideración de rústicos a efectos do Imposto sobre Bens Inmóbeles. En consecuencia con isto está suxeito o incremento de valor que experimenten os terreos que deban ter a consideración de urbanos a efectos do Imposto de Bens Inmóbeles, con independencia de que estean ou non contemplados como tales no Catastro ou Padrón de aquel.

2.—Non se producirá a suxeición ao imposto nos supostos de achegas de bens e dereitos realizadas polos cónxuxes á sociedade conxugal, adxudicacións co seu favor e en pago destas verifíquense e as transmisións que se fagan ós cónxuxes en pago dos seus haberes comúns.

3.—Tampouco producirase a suxeición ó imposto nos supostos de transmisións de ben inmóbeles entre cónxuxes ou a prol dos fillos, como consecuencia do cumprimento de sentencias nos casos de nulidade, separación ou divorcio matrimonial, sexa cal sexa o réxime matrimonial.

**CAPITULO II****EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS****ARTIGO 4º.—EXENCIÓNS OBXECTIVAS**

Están exentos deste imposto os incrementos de valor que se manifesten como consecuencia de:

- a) A constitución e transmisión de dereitos de servidume.
- b) As transmisións de bens que se atopen dentro do perímetro delimitado como Conxunto Histórico-Artístico, ou estea declarado individualmente de interese cultural, segundo o establecido na Lei 16/1985, de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español, cando os seus propietarios ou titulares de dereitos reais acrediten realizadas o seu cargo obras de conservación, mellora ou rehabilitación en ditos inmóbeles.

**ARTIGO 5º.—EXENCIÓNS SUBXECTIVAS**

1.—Están exentos deste imposto os correspondentes incrementos de valor cando a obriga de satisfacer aquel recaia sobre as seguintes persoas ou entidades:

- a) O Estado, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais, ás que pertenza o municipio, así como os organismos autónomos do Estado e as entidades de dereito público de análogo carácter das comunidades autónomas e das ditas entidades locais.
- b) O municipio da imposición e demais entidades locais integradas ou nas que se integre o dito municipio, así como as súas respectivas entidades de dereito público de análogo carácter aos Organismos autónomos do Estado.
- c) As institucións que teñan a calificación de benéficas ou de benéfico-docentes.
- d) As entidades xestoras da Seguridade Social e as Mutualidades de Previsión Social reguladas na Lei 30/1995, de 8 de novembro, de Ordenación e Supervisión dos Seguros Privados.
- e) Os titulares de concesións administrativas revertibles respecto aos terreos afectos a estas.
- f) A Cruz Vermella Española.
- g) As persoas ou entidades a prol das que se recoñeza a exención en tratados ou convenios internacionais.

**ARTIGO 6º.—BONIFICACIÓNS**

1.—Gozarán duna bonificación de ate un 99% as cotas que se devenguen nas transmisións que se realicen con ocasións das operacións de fusión ou escisión de empresas ás que se refire o Real Decreto 4/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Imposto de Sociedades, sempre que sexa acordado polo Concello a súa procedencia e a porcentaxe de bonificación.

Se os bens cuxa transmisión deu lugar á referida bonificación foxen alleados dentro dos cinco anos seguintes á data da fusión ou escisión, o importe da dita bonificación deberá ser aboado ao Concello de A Cañiza, sen prexuízo do pagamento do imposto que corresponda polo citado alleamento.

Esta obriga recaerá sobre a persoa ou entidade que adquiriu os bens a consecuencia da operación de fusión ou escisión.

**CAPITULO III****SUXEITOS PASIVOS****ARTIGO 7º**

1.—Terán a consideración de suxeito pasivos deste imposto:

- a) Nas transmisión de terreos ou na constitución ou transmisión de dereitos reais de goce limitativos do dominio, a título lucrativo, a persoa física ou xurídica, ou a entidade á que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, adquirente do terreo ou a prol de quen se constitúa ou transmita o dereito real de que se trate.
- b) Nas transmisión de terreos ou na constitución ou transmisión de dereitos reais de goce limitativos do dominio, a título oneroso, a persoa física ou xurídica, ou a entidade á que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, transmitinte do terreo ou a prol de quen se constitúa ou transmita o dereito real de que se trate.

2.—Nos supostos a que se refire a letra b) do apartado anterior, terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte, a persoa física ou xurídica, ou a entidade a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, que adquira o terreo ou a favor de que se constitúa ou transmita o dereito real de que se trate, cando o contribuínte sexa unha persoa física non residente en España.

**CAPITULO IV****BASE IMPOÑIBLE****ARTIGO 8º**

1.—A base imponible deste imposto está constituída polo incremento do valor dos terreos, posto de manifesto no momento do devengo e experimentado ao longo dun período máximo de vinte anos.

2.—A efectos da determinación da base imponible, terase en conta o valor dos terreos no momento do devengo, de acordo co previsto nos apartados 3 y 4 deste artigo, e a porcentaxe que corresponda en función do previsto no artigo 9º.

3.—O valor do terreo no momento do devengo resultará do establecido nas seguintes regras:

- a) Nas transmisión de terreos, o valor dos mesmos no momento do devengo será o que teñan determinado en dito momento a efectos do Imposto sobre Bens Inmóbiles.

Cando o terreo, aínda sendo de natureza urbana ou integrado nun ben inmovible de características especiais, no momento do devengo do imposto non teña determinado valor catastral en dito momento, o Concello poderá practicar a liquidación cando o referido valor catastral sexa determinado, referindo dito valor ó momento do devengo.

- b) Na constitución e transmisión de dereitos reais de goce limitativos do dominio, as porcentaxes anuais contidas no artigo 9º, aplicaranse sobre a parte do valor definido na letra anterior que represente, respecto do mesmo, o valor dos referidos dereitos calculado mediante a aplicación das normas fixadas á efectos do Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados:
- b.1 No caso de constituírse un dereito de usufruto temporal o seu valor equivalerá a un 2% do valor catastral do terreo por cada ano de duración do mesmo, sen que poida exceder do 70 do dito valor catastral.
- b.2 Se o usufruto fora vitalicio o seu valor, no caso de que o usufrutuario tivera menos de vinte anos, será o equivalente ao 70 por cento do valor catastral, minorándose esta cantidade nun 1 por cento por cada ano que exceda de dita idade, ate o límite mínimo do 10 por cento do expresado valor catastral.
- b.3 Se o usufruto establécese a favor dunha persoa xurídica por un prazo indefinido ou superior a trinta anos considerarase como unha transmisión da propiedade plena do terreo suxeita a condición resolutoria, e o seu valor equivalerá ao 100 do valor catastral do terreo usufrutado.
- b.4 Cando transmítase un dereito de usufruto xa existente, as porcentaxes expresadas nos puntos 1, 2, e 3 anteriores aplicaranse sobre o valor catastral do terreo ao tempo da dita transmisión.
- b.5 Cando transmítase o dereito de nuda propiedade o seu valor será igual a diferenza entre o valor catastral do terreo e o valor de usufruto calculado este último segundo as regras anteriores.
- b.6 O valor dos dereitos de uso e habitación será o que resulte de aplicar o 75 por cento do valor catastral dos terreos sobre os que se constitúan tales dereitos nas regras correspondentes á valoración dos usufrutos temporais ou vitalicios segundo os casos.
- c) Na constitución ou transmisión do dereito a elevar unha ou máis plantas sobre un edificio ou terreo, ou do dereito de realizar a construción baixo solo sen implicar a existencia dun dereito real de superficie, as porcentaxes anuais contidas no artigo 9º aplicaranse sobre a parte do valor definido no parágrafo a que represente, respecto do mesmo, o módulo de proporcionalidade fixado na escritura de transmisión ou, no seu defecto, o que resulte de establecer a proporción entre a superficie ou volume das plantas a construír en voo ou subsolo e a total superficie e volume edificadas unha vez construídas aquelas.
- d) Nos supostos de expropiacións forzosas, as porcentaxes anuais contidas nos artigos 9º aplicaranse sobre a parte do xustiprezo que corresponda ó valor do terreo, salvo co valor definido no parágrafo a) deste apartado 2 fose inferior, en cuxo caso prevalecerá este último sobre o xustiprezo.

*ARTIGO 9º.—SOBRE O VALOR DO TERREO NO MOMENTO DO DEVENGO, DERIVADO DO DISPOSTO NO ARTIGO ANTERIOR, APLICARANSE AS SEGUINTE PORCENTAXES ANUAIS:*

- a) Período de un a cinco anos      3 %  
b) Período de ata dez anos          2,8 %  
c) Período de ata quince anos      2,6 %  
d) Período de ata vinte anos        2,4 %

Para determinar a porcentaxe, aplicaranse a seguintes regras:

1.—O incremento de valor de cada operación gravada polo imposto determinarase con arranxo á porcentaxe anual fixada para o período que comprenda o número de anos ó longo dos que se puxo de manifesto dito incremento.

2.—A porcentaxe a aplicar sobre o valor do terreo no momento do devengo será o resultante de multiplicar a porcentaxe anual aplicable a cada caso concreto polo número de anos ó longo dos que se puxo de manifesto o incremento de valor.

3.—Para determinar a porcentaxe anual aplicable a cada operación concreta conforme á regra 1 e para determinar o número de anos polos que multiplicaríase dita porcentaxe anual conforme á regra 2, soamente consideraranse anos completos que integren o período de posta de manifesto do incremento de valor, sen que a tales efectos podan considerarse as fraccións de anos de dito período.

As porcentaxes anuais fixadas no apartado anterior poderán ser modificados polas Leis de Presupostos Xerais do Estado.

## **CAPITULO V. DÉBEDA TRIBUTARIA**

### **SECCIÓN PRIMEIRA. COTA TRIBUTARIA**

#### *ARTIGO 10º*

A cota íntegra deste imposto será a resultante de aplicar á base imponible o tipo do 20%.

#### *ARTIGO 11º*

A cota líquida do imposto será a resultante de aplicar á cota íntegra, nos casos que proceda, a bonificación á que fai referencia o artigo 6º desta Ordenanza.

## **CAPITULO VI**

### **DEVENGO**

#### *ARTIGO 12º*

1.—O imposto devéngase:

- a) Cando se transmita a propiedade do terreo, xa sexa a título oneroso ou gratuíto, entre vivos ou por causa de morte, na data da transmisión.
- b) Cando se constitúa ou transmita calquera dereito real de goce limitativo do dominio, na data en que teña lugar a constitución ou transmisión.

2.—Aos efectos do disposto no apartado anterior, considerarase como data da transmisión:

2.1 Nos actos ou contratos entre vivos, a de outorgamento do documento público,e, cando se trate de documentos privados, a da súa incorporación ou inscrición no Rexistro Público, ou a da súa entrega a un funcionario público por razón do seu oficio.

2.2 Nas transmisión por causa de morte, a do falecemento do causante.

#### *ARTIGO 13º*

1.—Cando se declare ou recoñeza xudicial ou administrativamente por resolución firme, ter lugar a nulidade, rescisión ou resolución do acto ou contrato determinante da transmisión do terreo ou da constitución ou transmisión do dereito real de goce sobre o mesmo, o suxeito pasivo terá dereito á devolución do imposto satisfeito, sempre que dito acto ou contrato non lle producira efectos lucrativos e que reclame a devolución no prazo de catro anos dende que a resolución quedou firme, entendéndose que existe efecto lucrativo cando non se xustifique que os interesados deban efectuar as recíprocas devolucións ás que se refire o artigo 1295 do Código Civil.

Aínda que o acto ou contrato non producira efectos lucrativos, se a rescisión ou resolución se declarase por incumprimento das obrigacións do suxeito pasivo do Imposto, no haberá lugar a devolución algunha.

2.—Se o contrato queda sen efecto por mutuo acordo das partes contratantes, non procederá a devolución do imposto satisfeito e considerarase como un acto novo suxeito a tributación. Como tal mutuo acordo, estimarase a avenencia en acto de conciliación e o simple alleamento da demanda.

3.—Nos actos ou contrato nos que medie algunha condición, a súa calificación se fará de acordo ás prescricións contidas no Código Civil. Se fose suspensiva non se liquidará o imposto ata que esta se cumpra. Se a condición fose resolutoria, esixirase o imposto dende logo, a reserva, cando a condición se cumpra, de facer a oportuna devolución segundo a regra do apartado 1 anterior.

## **CAPITULO VII. XESTIÓN DO IMPOSTO**

### **SECCIÓN PRIMEIRA. OBRIGACIÓNS MATERIAIS E FORMAIS**

#### *ARTIGO 14º*

1.—Os suxeitos pasivos estarán obrigado á presentación perante este Concello declaración segundo o modelo determinado polo mesmo, que conterà os elementos da relación tributaria imprescindible para practicar a liquidación procedente.

2.—Dita declaración deberase presentar nos seguintes prazos, a contar dende a data na que se produza o devengo do imposto:

- a) Cando se trate de actos “inter vivos”, o prazo será de 30 días hábiles.
- b) Cando se trate de actos “mortis-causa”, o prazo será de 6 meses prorrogables ata 1 ano a solicitude do suxeito pasivo.

3.—Á declaración acompañaranse os documentos nos que consten os actos ou contratos que orixinan a imposición, e xustificante no que figure o valor catastral do terreo.

4.—Ós efectos de determinar a base imponible, tomarase como “valor catastral do terreo”, o valor catastral do solo obrante nas bases de datos do Imposto sobre Bens Inmóveis de Natureza Urbana, proporcionada pola Xerencia Territorial do Catastro.

#### *ARTIGO 15º*

1.—Establecese o sistema de autoliquidación polo suxeito pasivo, que levará consigo o ingreso da cota resultante da mesma dentro dos prazos previstos no artigo 14º apartado 2, excepto cando se trate do suposto a que fai referencia o artigo 8º, apartado 3.a) nos seu parágrafos 2º, nos que deberá presentar declaración á que acompañará documentos dos actos ou contratos que orixinan a imposición, dentro dos prazos que sinala o artigo 14º, 2, para que lle sexa practicada a correspondente liquidación polos servizos económicos deste Concello.

#### *ARTIGO 16º*

1.—Estarán así mesmo obrigados a comunicar ó Concello a realización do feito imponible nos mesmo prazos que os suxeitos pasivos, os que fai mención o artigo 7º desta Ordenanza:

- a) Nos supostos contemplados na letra a) do artigo 7º da presente Ordenanza, sempre que se producisen por negocio xurídico entre vivos, o donante ou a persoa que constituía ou transmita o dereito real de que se trate.
- b) Nos supostos contemplados na letra b) do citado artigo, o adquirente ou a persoa a favor de quen se constituía ou transmita o dereito real de que se trate.

#### *ARTIGO 17º*

1.—Así mesmo, os Notarios estarán obrigados a remitir ó Concello, dentro da primeira quincena de cada trimestre, relación ou índice comprensivo de tódolos documentos por eles autorizados no trimestre anterior, nos que se conteñan feitos, actos ou negocios xurídicos que poñan de manifesto a realización do feito imponible deste Imposto, con excepción dos actos de última vontade. Tamén estarán obrigados



a remitir, dentro do mesmo prazo, relación dos documentos privados comprensivos dos mesmos feitos, actos ou negocios xurídicos, que lles presentaran para coñecemento ou lexitimación de sinaturas. O previsto neste apartado enténdese sen perxuicio do deber xeral da colaboración establecido na Lei Xeral Tributaria.

Na relación ou índice que remitan os Notarios ó Concello, estes deberán facer constar a referencia catastral dos bens inmoebles, cando dita referencia correspóndase cos que sexan obxecto de transmisión.

### **SECCIÓN SEGUNDA. INSPECCIÓN E RECADACIÓN**

#### *ARTIGO 18º*

A inspección e Recadación do imposto realizaranse de acordo co previsto na Lei Xeral Tributaria e nas demais leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

### **SECCIÓN TERCEIRA. INFRACCIÓNS E SANCIÓN**

#### *ARTIGO 19º*

En todo o relativo á calificación das infraccións tributarias, así como á determinación das sancións que polas mesmas correspondan en cada caso, aplicarase o réxime regulado na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolvan.

### **DISPOSICIÓN DERRADEIRA**

A presente Ordenanza foi aprobada polo Pleno do Concello, e entrou en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, comezando a aplicarse de xeito definitivo a partir do 1 de xaneiro do ano 1990.

Polo Pleno do Concello de data 14 de xullo de 2011 fíxose unha modificación da mesma, publicándose o seu texto íntegro no B.O.P. nº: 187 de data 28 de setembro de 2011 comezando a rexer o día da súa publicación definitiva no Boletín Oficial da Provincia, e continuará vixente mentres non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

Polo Pleno do Concello de data 27 de abril de 2012 acordouse a modificación do artigo 9, publicándose o seu texto íntegro no BOP nº 91 de data 11 de maio de 2012, comezando a rexer o día da súa publicación definitiva no Boletín Oficial da Provincia e continuará vixente mentres non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

A Cañiza, a 18 de xuño de 2012.—O Alcalde, Miguel A. Domínguez Alfonso.

**2012006262**

## **A N U N C I O**

Por medio do presente faise pública a aprobación definitiva da Ordenanza reguladora da limpeza, mantemento, conservación e ornato público do concello de A Cañiza (Pontevedra), a cal foi aprobado polo Concello-Pleno na súa sesión de data 27.04.2012 e publicada aos efectos de reclamacións no BOP núm. 91 de data 11.05.2012 e no Taboleiro de anuncios da corporación, sen que durante o prazo de trinta (30) días se presentase reclamación ningunha, polo que o acordo provisional elévase a definitivo.

Contra o acordo de aprobación definitiva, que pon fin á vía administrativa cabe a interposición de recurso contencioso administrativo ante a Sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses a contar dende o día seguinte ao da súa publicación.

**ORDENANZA MUNICIPAL DO CONCELLO DE A CAÑIZA PARA A LIMPEZA, MANTEMENTO,  
CONSERVACIÓN E ORNATO DE ESPAZOS URBANOS:****TÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS.***ARTIGO 1. OBXECTO.*

A presente ordenanza regula as situacións e actividades dirixidas ao mantemento da limpeza dos espazos urbanos, en orde á protección do medio ambiente, ornato público e presenza urbana, de acordo coas competencias que lle corresponden ao Concello de A Cañiza (Pontevedra).

*ARTIGO 2. ÁMBITO DE APLICACIÓN.*

Serán de aplicación as prescricións da presente ordenanza en todo o termo municipal de A Cañiza (Pontevedra).

*ARTIGO 3. EXERCICIO DE COMPETENCIAS MUNICIPAIS.*

1. A limpeza da rede viaria pública será competencia do Concello, quen a prestará por xestión directa ou indirecta.

2. Considérase como vía pública, e polo tanto, a súa limpeza de responsabilidade municipal, os paseos, avenidas, rúas, prazas, beirarruas, camiños, xardíns, e zonas verdes e demais bens que sexan de propiedade municipal e estean destinaados directamente ao uso común xeral dos veciños.

3. Porén do anterior, todos os cidadáns deberán colaborar no mantemento da limpeza e decoro da vila. Igualmente, poderán denunciar as condutas que poidan constituir infraccións á presente ordenanza.

**TÍTULO II. LIMPEZA***ARTIGO 4. LIMPEZA DE ELEMENTOS DE DOMINIO PARTICULAR.*

1. A limpeza de rúas e demais espazos de dominio particular deberá levarse a cabo pola propiedade, seguindo as directrices que dicte o concello para conseguir unhas niveis axeitados de limpeza.

2. Tamén están obrigadas as comunidades de propietarios ou quenes habiten os inmobles, no seu caso, a manter limpos e en axeitadas condicións de ornato os patios de luces, patios de mazá ou calquera outra zona común conforme ás súas normas estatutarias ou acordos tomados ao efecto polas respectivas xuntas ou asambleas.

*ARTIGO 5. PROHIBICIÓN EN RELACIÓN COS RESIDUOS E LIXO.*

1. Prohíbese depositar residuos, desperdicios e en xeral calquera tipo de lixo, nas vías públicas ou privadas, nos séus accesos e en solares ou fincas pechadas ou sin pechar, debendo empregarse sempre os contedores ou o punto limpo destinados ao efecto.

2. Prohíbese depositar na vía pública todo tipo de residuos, como cabichas, cáscaras, papeis ou calquera outro desperdicio similar. Quenes transiten polas rúas, prazas, xardíns e outros espazos libres urbanos e quixeran desprenderse de residuos de pequena entidade, como os anteriormente mencionados, utilizarán as papeleiras instaladas a tal fin ou, no seu defecto, os contedores de recollida do lixo.

3. Prohíbese botar cigarros ou similares, ou outras materias encendidas nas papeleiras e contedores do lixo.

4. Prohíbese, asimesmo, verter calquera tipo de residuo desde os vehículos, xa sexa en marcha ou detidos.

5. Os usuarios deberán absterse de toda manipulación sobre os contedores de lixo e as papeleiras, movelas, volcalas, arrincalas ou pintalas, así como calquera outro acto que deteriore a súa presentación ou as faga inutilizables para o uso ao que estean destinadas.

6. Prohíbese depositar os residuos domiciliarios nos contedores sen estar introducidos en bolsas de plástico ou similares, así como unha separación non axeitada dos residuos (orgánico, envases lixeiros, vidro e papel-cartón).

#### *ARTIGO 6. OUTRAS ACTUACIÓNS PROHIBIDAS.*

Queda prohibido realizar calquera operación que poida ensuciar as vías e espazos libres urbanos e de xeito especial:

- a) Lavar ou limpar vehículos, así como cambiar aos mesmos o aceite e/ou outros líquidos ou realizar reparacións nos mesmos.
- b) Sacudir prendas, manteis ou alfombras na vía pública, beirarrúas ou espazos públicos.
- c) O rego de prantas colocadas en balcóns e terrazas que cause vertidos de auga na vía pública, beirarrúas ou espazos públicos.
- d) As deposicións de excrementos de animais así como a limpeza de animais en espazos urbanos.
- e) Escupir e/ou realizar necesidades fisiolóxicas en espazos urbanos.
- f) A limpeza de escaparates, tendas, postos de venda, establecementos comerciais e similares, efectuadas polos particulares excepto que se realice entre las sete e dez horas e as dezanove e vinte e dúas horas, e sempre con coidado de non ensuciar a vía pública. Cuando non sexa posible evitar a suciedade, procederase á limpeza da parte de espacio urbano afectada.
- g) O abandono de vehículos de tracción mecánica en espazos urbanos.
- h) Depositar na vía pública area, terra ou outros materiais de construción.
- i) Depositar mobles, enseres ou restos de poda no viario público, exceptuando os días habilitados, xunto aos contedores de recollida de lixo.
- k) Derramar na vía pública, directamente ou a través de tubos accesorios, líquidos procedentes dos aparatos de climatización ou caldeiras instalados en vivendas ou establecementos.

#### *ARTIGO 7. LIMPEZA DE ESPAZOS URBANOS.*

Os titulares das actividades que poidan ocasionar suciedade en espazos urbanos, calquiera que sexa o lugar no que se desenvolva e sen prexuízo das comunicacións previas, declaracións responsables, licenzas ou autorizacións que en cada caso sexan procedentes, terán que tomar as medidas necesarias para evitar a suciedade que poidese producirse na mesma e deberán limpar a parte que inevitablemente resulte afectada e retirar puntualmente os materiais residuais que resulten.

#### *ARTIGO 8. OPERACIÓNS DE CARGA E DESCARGA.*

1. Finalizadas as operacións de carga, descarga, saída ou entrada de obras ou almacéns de calquera vehículo, procederase a limpar as beirarrúas e calzadas que fosen ensuciadas durante a operación, retirando da vía pública os residuos verquidos.

2. Están obrigados ao cumprimento deste precepto os propietarios dos vehículos e, subsidiariamente, os titulares dos establecementos ou fincas en que sexa efectuada tal carga e/ou descarga.

3. Cando se realicen operacións de carga e descarga nas vías municipais fora das zonas habilitadas ao efecto e cunha duración previsible superior aos cinco (5) minutos, deberá terse comunicado á Policía Local cunha antelación mínima de vinte e catro (24 horas), para que se tomen as medidas oportunas.



*ARTIGO 9. LIMPEZA DE TALLERES.*

Os titulares de talleres ou actividades de reparación ou de limpeza de vehículos e os concesionarios de vados estarán obrigados a manter limpas as beirarruas de acceso ao aparcamento ou taller, especialmente no referido a grasas, aceites e carburantes de vehículos.

*ARTIGO 10. TRANSPORTES E OBRAS LINEAIS.*

1. Os propietarios e conductores de vehículos que transporten terras, escombros, materiais pulverulentos, áridos, formigón, cartóns, papeis ou calquera outra materia similar deberá de tomar as medidas precisas para cubrir tales materiais durante o transporte e evitar a caída de polvo ou parte do material transportado sobre a vía pública.

2. Cando se realicen pequenas obras na vía pública con motivo de canalizacións, reparacións de servizos soterrados e actividades similares, os sobrantes e escombros deberán ser retirados dentro das vinte e catro horas seguintes á terminación dos traballos e en todo caso amontoados, entre tanto, sen que perturben a circulación de vehículos e/ou peóns.

*ARTIGO 11. RESIDUOS PROCEDENTES DAS OBRAS.*

Os escombros e residuos procedentes das obras en construción deberán ser producidos, xestionados, transportados, eliminados e/ou reciclados de acordo coa normativa estatal e autonómica aplicable vixente en cada intre, sen prexuízo de que quede prohibido a ocupación de dominio público para o seu depósito, salvo autorización previa de ocupación e na que se deberán cumprir as condicións para garantir o paso peonil e con condicións axeitadas de sinalización e balizamento.

*ARTIGO 12. CIRCOS E OUTRAS ACTIVIDADES ITINERANTES.*

Actividades tales como circos, teatros ambulantes ou atraccións de feria que, polas súas características especiais empreguen a vía pública, están obrigadas a depositar unha fianza que garantice as posibles responsabilidades derivadas da súa actividade. En todo caso son responsables de deixar o terreo público ocupado en axeitadas condicións de limpeza e salubridade.

**TÍTULO III. PUBLICIDADE.***ARTIGO 13. ACTOS PÚBLICOS.*

1. Os organizadores de actos públicos son responsables da suciedade derivada dos mesmos e están obrigados a informar ao Concello do percorrido, horario e lugar do acto a celebrar.

2. O Concello poderá esixirles unha fianza polo importe previsible das operacións de limpeza que se deriven da celebración de dito acto.

*ARTIGO 14. ELEMENTOS PUBLICITARIOS.*

1. A licenza e/ou autorización para uso de elementos publicitarios levará implícita a obriga de limpar os espazos da vía pública que se empregasen e de retirar, dentro do prazo autorizado, os elementos publicitarios e os seus correspondentes accesorios.

2. Non está permitido colocar elementos publicitarios nin colocación de carteis en edificios e instalacións municipais, salvo previa autorización.

*ARTIGO 15. COLOCACIÓN DE CARTEIS, PANCARTAS E ADHESIVOS.*

1. Está prohibida a colocación de carteis, pancartas e adhesivos, en edificios e instalacións, tanto de titularidade pública como privada, con excepción dos casos permitidos pola autoridade municipal.

2. Queda prohibido desgarrar, arrincar e/ou tirar á vía pública carteis, anuncios ou pancartas.

**ARTIGO 16. MEDIOS DE EXPRESIÓN PUBLICITARIA.**

1. Prohíbese expresamente:

- a) A fixación de publicidade, propaganda ou anuncios (pisos, alugueres, traballos...) mediante carteis, pegatinas, etiquetas, proxeccións e outros procedementos similares e a realización de inscricións e/ou debuxos con motivos publicitarios en calquera elemento municipal visible desde a vía pública, sen a pertinente autorización.
- b) A colocación de carteis indicativos ou de sinalización direccional con mención de marcas, distintivos, logotipos, nomes comerciais ou de establecementos, produtos, promocións etcétera, na vía pública e a utilización das sinais de circulación, dos báculos e columnas do alumeadado público e dos rótulos viarios con esta finalidade, sen a pertinente autorización.

2. No caso de entrega e/ou reparto de publicidade nas vías públicas e no caso de ocasionarse suciedade, será a empresa repartidora e subsidiariamente a anunciante a responsable da limpeza.

**ARTIGO 17. PINTADAS.**

Prohíbense as pintadas na vía pública e sobre elementos estruturais, calzadas, beirarruas, mobiliario urbano, muros e paredes; excepto as permitidas pola autoridade municipal.

**TÍTULO IV. CONSERVACIÓN DE ESPAZOS PRIVADOS.****ARTIGO 18. PARTE VISIBLE DOS INMOBLES.**

Os propietarios de fincas, vivendas e establecementos, están obrigados a manter o estado de limpeza das diferentes partes dos inmobles que sexan visibles desde a vía pública.

**ARTIGO 19. CONSERVACIÓN DOS ELEMENTOS EXTERIORES DOS INMOBLES.**

1. Os propietarios de inmobles están obrigados a mantelos nas condicións necesarias de salubridade, limpeza e ornato público.

2. Os propietarios de edificios, fincas, vivendas e establecementos, terán a obriga de manter limpas e en axeitadas condicións estéticas as fachadas, os rótulos de numeración das rúas, as entradas e escaleiras de accesos, cubertas e, en xeral, todas as zonas dos inmobles que sexan visibles desde a vía pública ou desde outro inmovible.

3. Para todo aquilo que fai referencia ao apartado anterior, os propietarios deberán proceder aos traballos de mantemento e limpeza cando sexa necesario e así o ordene a autoridade municipal, previo informe dos servizos municipais competentes.

4. Os propietarios están igualmente obrigados a manter limpas e en bo estado de conservación as chimeneas, depósitos, patios, patios interiores das casas, de ventilación e de iluminación, conducción de auga, gas e desagües, pararaos, antenas e calquera outro tipo de instalación complementaria dos inmobles.

5. O Concello nos supostos dos apartados 3, 4 y 5 anteriores e previo trámite de audiencia aos interesados, os requerirá para que, no termo que sinale, realicen as obras e operacións necesarias.

**ARTIGO 20. SOLARES.**

Os propietarios de solares, fincas e parcelas están obrigados a mantelos limpos de desperdicios, lixo, escombros ou materiais de desecho e en condicións de hixiene, salubridade e ornato, elo sen prexuízo das obrigas urbanísticas.

**TÍTULO V. RÉXIME SANCIONADOR.***ARTIGO 21. INFRACCIÓNS.*

1. Constitúen infraccións as accións ou omisións que contraveñan as normas contidas nesta ordenanza, así como a desobediencia aos mandatos de establecer as medidas correctoras sinaladas ou de seguir determinada conducta, en relación coa materia que se regula.

2. As infraccións cualifícanse en leves, graves e moi graves.

*ARTIGO 22. INFRACCIÓNS LEVES.*

Será cualificada como leve calquera infracción dos mandatos ou prohibicións establecidos nesta ordenanza, por acción ou por omisión, e sempre que non teña a cualificación de grave ou moi grave.

*ARTIGO 23. INFRACCIÓNS GRAVES.*

1. Depositar cigarrillos ou materias encendidas nas papeleiras e contedores de lixo.

2. O abandono de animais mortos.

3. O abandono de vehículos na vía pública.

4. Verter ou acumular de forma temporal residuos de construción e/ou demolición, tanto domiciliarios como non domiciliarios, no dominio público.

5. Calquera tipo de pintadas no espazo urbano, tanto sobre elementos estruturais, calzadas, beirarrúas e mobiliario urbano, como sobre os muros e paredes da cidade.

6. A reiteración de tres (3) infraccións leves nun prazo de tres (3) anos.

*ARTIGO 24. INFRACCIÓNS MOI GRAVES.*

1. A reiteración de dúas (2) faltas graves nun prazo de tres (3) anos.

*ARTIGO 25. SANCIÓN.*

1. As sancións por infraccións da presente ordenanza poderán aplicarse de forma independente ou conxunta e ser de tipo:

a) Económico: multa.

b) Cualitativo: peche, suspensión ou retirada de licenza, etcétera.

2. As sancións serán independentes das medidas reparadoras que se teñan imposto, segundo o caso, para reparar o dano causado.

*ARTIGO 26. GRADACIÓN DAS SANCIÓN.*

Para a gradación das respectivas sancións, valoraranse os seguintes criterios:

a) A trascendencia social e/ou o prexuízo causado pola infracción cometida.

b) O ánimo de lucro ilícito e/ou a contía do beneficio obtido na comisión da infracción.

c) A reincidencia. Considerase reincidencia cando se cometa unha infracción do mesmo tipo que outra cometida con anterioridade, dentro do prazo dos doce (12) meses anteriores á realización da mesma infracción.

*ARTIGO 27. CONTÍA DAS SANCIÓN.*

As infraccións aos preceptos desta ordenanza serán sancionadas de acordo co sinalado no artigo 141 da Lei 7/1985, reguladora das Bases do réxime Local, coas seguintes contías:

a) Infraccións leves:

– Con multa de 60 a 750 euros.



- b) Infraccións graves:
- Con multa de 751 a 1.500 euros.
  - Retirada da licenza ou autorización por un período máximo de seis meses, de considerarse procedente.
- c) Infraccións moi graves:
- Con multa de 1.501 a 3.000 euros.
  - Retirada da licenza ou autorización por un período máximo de doce meses ou clausura da actividade ou establecemento, de considerarse procedente.

**ARTIGO 28. PROCEDEMENTO SANCIONADOR E PRESCRIPCIÓN.**

1. Estarse ao disposto na Lei 30/1992, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e no Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

2. O Alcalde ou concelleiro en quen delegue será o órgano competente para a imposición das sancións que sexan procedentes.

**DISPOSICIÓN DERROGATORIA**

A partir da entrada en vigor da presente Ordenanza quedan derrogadas cantas normas municipais se opoñan, contradigan ou resulten incompatibles co texto que agora se aproba.

**DISPOSICIÓN FINAL**

De conformidade co disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, a presente ordenanza entrará en vigor logo da súa publicación no BOP e de transcorrer-los prazos previstos no artigo 65.2 da amentada lei de bases.

A Cañiza, a 18 de xuño de 2012.—O Alcalde, Miguel A. Domínguez Alfonso.

**2012006264**

**A N U N C I O**

Por medio do presente faise pública a aprobación definitiva da Ordenanza reguladora da venda ambulante no Concello de A Cañiza (Pontevedra), a cal foi aprobado polo Concello-Pleno na súa sesión de data 27.04.2012 e publicada aos efectos de reclamacións no BOP núm. 91 de data 11.05.2012 e no Taboleiro de anuncios da corporación, sen que durante o prazo de trinta (30) días se presentase reclamación ningunha, polo que o acordo provisional elévase a definitivo.

Contra o acordo de aprobación definitiva, que pon fin á vía administrativa cabe a interposición de recurso contencioso administrativo ante a Sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses a contar dende o día seguinte ao da súa publicación.

**ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA VENDA AMBULANTE NO CONCELLO DE A CAÑIZA:****CAPÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS****ARTIGO 1. TÍTULOS COMPETENCIAIS.**

A presente ordenanza dítase consonte as competencias que se atribúen ao municipio en virtude de canto se dispón polos artigos 25 e 84.1 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local; 80 e seguintes da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, 70 a 78 da Lei 13/2010, de 20 de xullo, do Comercio Interior de Galicia; 1 e 5 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, e polo Real Decreto 199/2010, polo que se regula o exercicio da venda ambulante ou non sedentaria.

**ARTIGO 2. OBXECTO.**

1. Esta ordenanza ten por obxecto regular, con carácter xeral, a venda que se realice polos comerciantes fóra dun establecemento permanente, de forma habitual, ocasional, periódica ou continuada, nos lugares que se sinalan no Anexo I, dentro do termo municipal, en instalacións desmontables ou transportables, así como en vehículos-tenda.

2. Ademais do disposto pola presente ordenanza, a venda ambulante rexerá pola lexislación establecida no artigo anterior e e polas normas sectoriais reguladoras da venda e comercialización de cada produto en concreto, en especial os regulamentos técnico sanitarios aplicables á produción e comercialización de cada produto.

**ARTIGO 3. CONCEPTO E MODALIDADES DE VENDA AMBULANTE.**

Aos efectos da presente Ordenanza, enténdese por:

- a) Venda ambulante en mercados periódicos: Son aqueles que se celebren con periodicidade preestablecida, xa sexa con ocasión da celebración de feiras tradicionais ou especificamente como mercado ambulante.
- b) Venda ambulante en mercados ocasionais: Son aqueles que se celebren de xeito non periódico en razón a festas ou acontecementos populares.
- c) Venda ambulante en camións-tenda con carácter itinerante nos lugares e itinerarios que se autoricen polo concello.
- d) Outra venda ambulante, "réxime das campesiñas", venda en mercados periódicos ou ocasionais de produtos da horta de tempada polos propios produtores que sexan veciños de A Cañiza.

**ARTIGO 4. PRODUCTOS CUXA VENDA SE AUTORIZA.**

1. Produtos autorizados nos mercados periódicos ou ocasionais: Poderán ser ofrecidos á venda artigos téxtiles, de artesanía, bixería, marroquinería, calzado, confección, droguería, artigos de coiro ou pel, de ornato de pequeno volume, así como produtos alimenticios cuxa venda neste tipo de postos non estea expresamente prohibida pola normativa vixente.

2. Produtos dos que a venda se autoriza en camións-tenda: Pan, froita, queixos, produtos envasados, peixe fresco e conxelado, así como outros produtos alimenticios nos que a súa venda en réxime de ambulancia estea autorizada pola normativa estatal ou autonómica aplicable ós mesmos.

3. En tódolos casos condiciónase a posibilidade de venda ao estricto cumprimento da normativa sanitaria e demais sectorial que lle sexa de aplicación.

**CAPÍTULO II. ESPAZOS RESERVADOS, POSTOS, PERIODICIDADE E HORARIO.****ARTIGO 5. ESPAZOS E RÚAS.**

1. O Concello establecerá como zonas para o exercicio de venda na vía pública e espazos libres e/ou abertos, os que considere mais idoneos para o seu mellor desenvolvemento e delimitará as zonas de ocupación da rúa por parte dos comerciantes ambulantes autorizados. Para a correcta delimitación dos postos de venda, o Concello delimitará a superficie dos postos mediante ordenación pola autoridade municipal.

2. Fóra das zonas asignadas polo Concello queda terminantemente prohibida a venda ambulante, agás as autorizacións expresas concedidas pola Alcaldía ou Concellería delegada ó amparo do disposto por esta Ordenanza.

**ARTIGO 6. INSTALACIÓNS DE VENDA.**

1. Para o uso do comercio ambulante será necesario o uso de instalacións desmontables e/ou transportables. Queda prohibida a exposición de mercadorías no chan. (os produtos perecedeiros deberán situarse a unha altura respecto o chan, non inferior a 0,5 metros).

2. Os postos desmontables deberán instalarse ocupando o lugar asignado e sen supera-los límites de espacio asignados, segundo a superficie concedida.

3. En ningún caso permitirase situar postos de venda ambulante en accesos a edificios de uso público ou privado, establecementos comerciais e industriais nin diante dos seus escaparates y exposicións, nin en lugares nos que dificulten tales accesos e a circulación peonil ou de vehículos.

4. Os postos de venda que incumpran co disposto no apartado anterior, serán retirados polos servicios municipais correspondentes do Concello, previa resolución da Alcaldía ou Concellería delegada

5. O número de postos de venda con indicación dos artigos de venda en cada un deles, serán determinados pola Alcaldía ou Concellería delegada.

6. Os/as titulares das autorizacións deberán suxeita-las súas instalacións ós condicionamentos sinalados tendo en conta que en todo caso haberá de tratarse de instalacións desmontables de fácil transporte, e que reúnan condicións de seguridade salubridade e ornato público.

7. O Concello, para o bo funcionamento e control do mercado, disporá dun plano a escala, no cal, quedará reflectida a distribución numerada de tódolos postos e cuxa numeración coincidirá coas autorizacións expedidas.

#### **ARTIGO 7. FEIRAS E MERCADOS.**

1. Ós efectos da presente Ordenanza e de acordo co disposto na normativa referida no artigo 1, considérase venda ambulante a realizada fora dun establecemento comercial.

2. A efectos da presente ordenanza, os mercados celebraranse os días seis (6) e vinte (20) de cada mes, salvo que sexa festivo, polo que se se dera ese caso, procederíanse a realizar o día anterior.

O horario establecido comprende dende as 8.00 ás 13.30 horas, no que se procederá a súa retirada. A montaxe dos postos deberá efectuarse entre as de 7.00 a 9.00, quedando prohibida a instalación a partir da hora indicada e sen que o posto poida ser ocupado por outro vendedor. do mesmo xeito, ningún vendedor poderá desmontar o seu posto unha vez montado, ata que remate o horario de venda establecido neste regulamento. Os postos deberán estar totalmente desmontados ás 14.00 horas e o espazo público ocupado libre para o seu uso xeral. A inobservancia deste horario, conlevará unha falta leve.

### **CAPÍTULO III. AUTORIZACIÓN MUNICIPAL PARA O EXERCICIO DA VENDA AMBULANTE.**

#### **ARTIGO 8. ÓRGANO COMPETENTE.**

A Alcaldía ou concellería delegada, será competente para autoriza-la venda en calquera das modalidades previstas nesta ordenanza.

#### **ARTIGO 9. PERSOAS CAPACITADAS.**

Poderán optar á concesión das autorizacións municipais para a venda ambulante que se regulan nesta ordenanza, tódalas e tódolos españois e extranxeiros, maiores de idade, que teñan plena capacidade xurídica e de obrar conforme coa lexislación mercantil e co establecido na Lei 13/2010, de 20 de xullo, do Comercio Interior de Galicia e no Real Decreto 199/2010, polo que se regula o exercicio da venda ambulante ou non sedentaria

#### **ARTIGO 10. SOLICITUDE.**

1. A solicitude de autorización municipal para o exercicio da venda ambulante deberá ser presentada pola persoa interesada ou o seu representante legal, mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde, ou Concelleiro delegado, no Rexistro Xeral do Concello, que revestirá a forma de declaración responsable e na que se farán constalos seguintes datos:

- Nome e apelidos, enderezo e número do D.N.I ou do pasaporte da persoa interesada e do/a representante/a, de o/a houber.
- Localización, entre os lugares autorizados, no que se pretende desenvolver a actividade.
- Mercadorías/productos que se vaian expender.
- Tempo polo que se solicita a autorización, como máximo ata un (1) ano, e renovable anualmente no mes de xaneiro.
- Metros cadrados de ocupación que se solicitan, de ser o caso.

#### 2. Achegarase xunto coa solicitude declaración responsable:

- De estar en posesión dos requisitos establecidos para o exercicio da venda ambulante e estar en posesión da documentación que así o acredite a partires do inicio da actividade.
- De manter o seu cumprimento durante o prazo de vixencia da autorización.
- De estar dado de alta no epígrafe correspondente do imposto de actividades económicas e estar ó día no pagamento da tarifa, ou de estar dado de alta no censo de obrigados tributarios ben mediante aportación da documentación polo declarante ou mediante autorización á administración para que o verifique.
- De estar ó día no pagamento das cotizacións á Seguridade Social.
- De acreditar o cumprimento das obrigas establecidas na lexislación vixente en materia de autorizacións de residencia e traballo.
- De reunir as condicións exisidas pola normativa reguladora do produto ou productos obxeto de venda ambulante e da posesión do carnet de manipulador de alimentos.
- De estar en posesión do xustificante de estar inscrito no Rexistro Xeral de Comerciantes Ambulantes de Galicia e posuí-lo carné que ten carácter persoal e intransferible.

#### 3. No caso de persoas xuridicas:

- CIF; acta de constitucion, escritura de constitución, estatutos e poder outorgada a favor da persoa que asigna a solicitude en representacion da persoa xuridica interesada.
- Neste caso ademais fara constar na solicitude a persoa o persoas fisicas que vai ou vaian exercer a actividade, tendo ademais que presentar a documentacion que xustifique a relacion contractual (contrato de traballo e TC2 no caso de Cooperativas de traballo Asociado, acreditacion da condicion de traballador e boletin de cotizacion) cunha cotizacion non inferior o horario de mercado.

4. No caso de cidadáns que non pertencen á Unión Europea deberán acreditar, antes de lles ser entregada a autorización municipal para o exercicio da actividade de venda ambulante, posuí-los correspondentes permisos de traballo por conta propia (permiso que expedirá a delegación de Traballo) e de residencia conforme coa lexislación vixente.

#### ARTIGO 11. AUTORIZACIÓN MUNICIPAL.

1. As autorizacións referidas no parágrafo anterior quedarán anuladas e sen efecto ó lles seren revocados os seus permisos de residencia ou traballo.

2. As autorizacións municipais para o exercicio da venda ambulante serán persoais e transferibles. No caso de persoas fisicas a autorizacion habilitará ademais dos seu titular, o conxuxe deste, os seus descendentes directos maiores de 16 ano e persoas vinculadas a el mediante contrato laboral. No caso de persoa xuridicas a autorizacion habilitara os socios e empregados das empresas dados de alta na Seguridade Social.

3. As autorizacións municipais para o exercicio da venda ambulante serán persoais e transmisibles polo prazo máximo da súa duración. As autorizacións será transmisibles a terceiras persoas físicas e

xurídicas que acrediten o cumprimento das mesmas condicións coas que o titular cedente obtivo a súa autorización en licitación pública.

O Concello de A Cañiza reservase un dereito de tanteo ou adquisición preferente verbo da totalidade das transmisións que sexan solicitadas. Este dereito executarase nun prazo máximo de un (1) mes contado a partires da presentación de declaración responsable e solicitude conxunta de cedente e cesionario.

As transmisións de autorización de mercado teñen carácter oneroso e serán nulas de pleno dereitoos pactos, cláusulas e condicións que teñan por obxeto a obtención de lucro económico derivado de calisquer transmisión.

Terán carácter discrecional, cun período de vixencia de un ano, e serán revogadas cando se cometan infraccións graves tipificadas no Real decreto 1945/1983, de 22 de xuño, sobre infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria, non dando dereito, nestes casos, a indemnización, nin a compensación de ningún tipo, debendo conter indicación precisa do ámbito territorial e dentro deste, o lugar ou lugares en que poda exercerse, as datas en que se poderá levar a cabo, así como os produtos autorizados, que só poderán referirse a artigos téxtiles de artesanado e de ornato de pequeno volume, agás a venda directa polos agricultores dos seus propios produtos e a de produtos alimenticios perecedoiros de tempada. Non será concedida máis de unha licencia a nome da mesma persoa física ou xurídica.

4. As autorizacións otorgaranse mediante licitación que garanta o sistema de concurrencia competitiva, e mediante otorgamento dos tíduos de ocupación do dominio público que procedan por aplicación da Lei 33/2003 de Patrimonio das Administracións Públicas e polo Real Decreto 1372/1986, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais e por seguinte poderán ser revogadas polo Concello cando se considere conveniente en atención á desaparición das circunstancias que as motivaron e por incumprimento desta Ordenanza así como da normativa aplicable, sen que dea orixe a indemnización e compensación algunha.

5. Nas autorizacións que se outorguen farase constar:

- Nome e apelidos do vendedor ou vendedora autorizado.
- D.N.I ou N.I.E.
- Alta na Seguridad Social.
- Domicilio.
- Fotografía.
- Productos autorizados para a venda.
- Lugar de venda.
- Datas e horario na que se pode efectúa-la venda.
- Metros cadrados do posto, se procede.
- Período de vixencia.
- Indicación expresa da súa transferibilidade e posible revogación e renovacion.

#### ARTIGO 12. CADUCIDADE.

Se a/o titular interrompe a actividade e ocupación para a que estea autorizada/o por unha doceava parte do período da súa vixencia, producirase automaticamente a súa caducidade.

Non obstante o disposto no paragrafo anterior, o Concello poderá resolver casos individualizados por enfermidade do titular ou outras causas imprevistas debidamente xustificadas.



*ARTIGO 13. TAXA.*

1. As autorizacións entregaranse tras xustifica-lo ingreso nas arcas municipais da correspondente taxa de carácter municipal estipulada, ou que se estipule, para o exercicio de este tipo de venda ambulante, nas ordenanzas fiscais correspondentes, ou no seu defecto as aplicables ó comercio establecido e logo da comprobación dos requisitos expresados nesta ordenanza.

2. A autorización municipal e o xustificante do aboamento do tributo de carater municipal exhibiranse obrigatoriamente no respectivo posto de venda. A Administración municipal reservase a facultade de exercer, por medio dos seus axentes, unha inspección periódica e constante para comprobalo cumprimento desta existencia e o acatamento das restantes prescricións desta ordenanza.

**CAPITULO IV. OBRIGAS DOS TITULARES DAS AUTORIZACIÓNS MUNICIPAIS DE VENDA  
AMBULANTE E PROHIBICIÓNS.**

*ARTIGO 14. OBRIGAS.*

1. Son obrigas dos titulares das autorizacións:

- a) Posuí-la condición de comerciante segundo a lexislación mercantil.
- b) Estar dado de alta na Seguridade Social e estar ó corrente no pago das cotizacións.
- c) Estar ó corrente do pagamento das súas obrigas tributarias respecto da actividade que exercen.
- d) Aboar a taxa correspondente ó aproveitamento especial da vía pública dentro dos prazos establecidos.
- e) Exerce-la actividade ou vender exclusivamente os produtos ou xéneros para os que fosen autorizados.
- f) Empregar pesas ou medidas, telas debidamente contrastas polo servico correspondente da delegación de Industria.
- g) Observa-las normas sanitarias que establecen as disposicións vixentes.
- h) Cumprir cantas obrigas impoñan as disposición aplicables por razón da actividade que exerzan, especialmente en materia de disciplina de mercado e comercialización.
- i) Mante-las instalacións, postos e demais elementos de venda, etc. nas debidas condicións de seguridade, hixiene, conservación e limpeza. Así mesmo deberán ó remate da xornada comercial, deixar limpos de residuos os espazos ocupados.
- l) Exhibi-lo documento no que se outorga a licencia e os xustificantes do pagamento os axentes de Policía Municipal e inspectores de Rendas cando o requiran.
- ll) O vendedor/a terá a obriga de mostra-la factura de compra dos produtos a equirimento das autoridades ou funcionarios municipais.
- m) Os vendedores/as ambulantes deberán cumprir no exercicio da súa actividade mercantil, coa normativa vixente en materia de Comercio e Protección ó Consumidor e responder dos produtos que vendan, facilitando a súa identificación mediante etiquetado e procedencia.
- n) Cumpri-las disposición desta Ordenanza.

2. Os vendedores que se acollan ao réxime das capesiñas queda exceptuado de acreditar o cumprimento dos anteriores requisitos. Pola contra deberán acreditar o seu empadronamento no concello e que os produtos á venda son excedentes de produción propia, así como o pagamento da ocupación de vía pública e calquera outro dos anteriores que poida ser esixido polo concello.

*ARTIGO 15. PROHIBICIÓNS.*

Prohíbese:

- Producir ruídos, berros ou música que incumpran o disposto na normativa vixente de ruído e vibracións.

- Traspasar ou cede-la licencia, así como cambia-la localización ou o emprazamento das instalacións ou cambialas sen autorización municipal e estende-las mercadorías fóra dos límites do posto.
- A venda a quenes padezan enfermidade infecto-contaxiosa, reservándose o Concello o dereito de esixir ó vendedor, un certificado de recoñecemento médico cando o xulguen convinte.
- O exercicio de calquera actividade ou comercio que contraviñese o establecido nestas ordenanza.

#### **CAPITULO V. VIXIANCIA, INSPECCIÓN, EXTINCIÓN DA AUTORIZACIÓN E RÉXIME SANCIONADOR.**

##### *ARTIGO 16. INSPECCIÓN.*

1. O Concello vixiará e garantirá o debido cumprimento por parte dos titulares das autorizacións do preceptuado na presente Ordenanza e, especialmente, das esixencias e condicións hixiénico sanitarias e de seguridade en cada momento vixentes en materia de venda ambulante, sen prexuízo do exercicio das súas competencias por parte doutras Administracións Públicas.

2. O Concello, no exercicio das súas funcións de vixilancia, poderá inspeccionar produtos, actividades e instalacións, así como solicitar ós/as vendedores/as canta información resulte precisa en relación ós mesmos.

3. No caso de que os produtos postos á venda poidan ocasionar riscos para a saúde ou seguridade dos/as consumidores/as ou usuarios/as, supoñan fraude na calidade ou cantidade, sexan falsificadas, non identificadas ou que incumpran os requisitos mínimos para a súa comercialización, a autoridade que ordene a incoación do expediente poderá acordar a súa intervención cautelar, nos termos establecidos na normativa de aplicación.

##### *ARTIGO 17. EXTINCIÓN.*

Sen prexuízo do disposto noutros preceptos desta Ordenanza, as autorizacións extínguense por:

- a) Transcurso do prazo polo que se outorgou.
- b) Renuncia expresa e escrita do titular.
- c) Falecemento do titular.
- d) Sanción que conleve a perda da autorización.
- e) Perda de tódolos ou algún dos requisitos esixidos para obte-la autorización.
- f) Falta de pago das exaccións correspondentes dentro do prazo fixado na orrespondente Ordenanza Fiscal.
- g) Falta de pago das sancións municipais que se impuxesen.
- h) Por revogación ao abeiro do establecido nesta Ordenanza.
- i) Supresión do exercicio da venda ambulante en xeral no termino municipal.

A extinción polos motivos d), e), f), h) requirirán a adopción dunha resolución da Alcaldía previa audiencia do interesado por un prazo máximo de 15 días, nos demais supostos a extinción operará automaticamente.

##### *ARTIGO 18. INFRACCIÓNS.*

1. O incumprimento das normas establecidas na presente ordenanza, así como das determinacións da Lei 13/2010, de 20 de xullo, do Comercio Interior de Galicia, do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, e do Real Decreto 199/2010, polo que se regula o exercicio da venda ambulante ou non sedentaria, constituirán infraccións,

2. Serán infraccións leves:

- As simples inobservancias das disposicións contidas na presente Ordenanza, sen transcendencia económica nin prexuízo para os/as consumidores/as.

- Producir ruídos, gritos ou música que incumpran a normativa aplicable sobre ruídos e/ou vibracións.
- Falta de ornato ou limpeza das instalacións e da súa zona circundante.

3. Serán infraccións graves:

- A reincidencia na comisión de infraccións leves.
- Non cumprí-las normas de seguridade das instalación e dos seus elementos.
- A venda de produtos distintos dos autorizados.
- A instalación de posto en lugar distinto do autorizado.
- Non acreditar mediante factura ou autorización correspondente a procedencia da mercadoría.
- A desobediencia a atende-las normas de orde e indicacións da Policía Municipal.

4. Serán infraccións moi graves:

- A reincidencia na comisión de infraccións graves.
- Incumprimento das obrigas establecidas nos apartados “c”, “f” e “h” do artigo 14 da presente Ordenanza.
- Incumprimento das disposicións sanitarias aplicables ás instalacións ou produtos que se venda.
- O exercicio da actividade por persoa distinta da autorizada.
- A instalación de postos sen autorización. – Venda de produtos non autorizados.
- A negativa ou resistencia a subministrar datos ou a facilita-la información requirida polas autoridades competentes ou polos seus axentes para o cumprimento das funcións de información, vixilancia, investigación, inspección, tramitación e execución nas materias a que se refire a presente Ordenanza, así como o subministro de información inexacta ou documentación falsa.

5. Considerarase que hai reincidencia cando se comete unha infracción análoga a que motiva a sanción anterior no prazo do ano seguinte á notificación desta. En tal suposto requirirase que a primeira resolución sancionadora houbese adquirido firmeza en vía administrativa.

6. A aquelas infraccións á presente Ordenanza que sexan concordantes coas establecidas no Real Decreto Legislativo 1/2007, de 16 de novembro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley General para la Defensa de los Consumidores y Usuarios y otras leyes complementarias, seránlles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no amentado texto legal, así coma naqueles dictados que o desenvolven.

*ARTIGO 19. SANCIÓN.*

1. As infraccións aos preceptos desta ordenanza serán sancionadas de acordo co sinalado no artigo 141 da Lei 7/1985, reguladora das Bases do réxime Local, coas seguintes contías:

a) Infraccións leves:

- Con multa de 60 a 750 euros.

b) Infraccións graves:

- Con multa de 751 a 1.500 euros.
- Retirada da licenza ou autorización por un período máximo de seis meses, de considerarse procedente.

c) Infraccións moi graves:

- Con multa de 1.501 a 3.000 euros.
- Retirada da licenza ou autorización por un período máximo de doce meses de considerarse procedente.

2. A Alcaldía poderá acordar, como sanción accesoria, o decomiso das mercancías adulteradas, deteriorada, falsificadas, fraudulentas non identificadas ou que entrañar risco para el consumidor, ou que incumpran os requisitos mínimos establecidos para a súa comercialización; así como nos casos de venda de produtos non autorizados e nos casos legalmente establecidos. Os gastos de transporte, distribución, destrución, etc., da mercancía sinalada no paragrafo anterior, serán por conta del infractor.

*ARTIGO 20. RÉXIME E PROCEDIMENTO SANCIONADOR.*

1. A Alcaldía, que é o competente para ordena a incoación do expediente, poderá decidir, como medida provisional, a intervención cautelar das mercadorías cando das dilixencias practicadas se presuma incumprimento dos requisitos mínimos esixidos para a súa comercialización.

2. En todo caso, para a gradación das infraccións e sancións aplicables terase en conta transcendencia social da infracción, o comportamento especulativo do autor, a contía global da operación obxecto de infracción, a contía do beneficio obtido con ela, a natureza dos produtos vendidos, a zona afectada, a categoría, clase e solvencia económica do establecemento.

3. Correspóndelle á Alcaldía a incoación do expediente sancionador e a imposición das sancións previstas na presente Ordenanza.

4. O exercicio de calquera actividade ou comercio vía pública sen autorización municipal dará lugar á retirada das instalacións, elementos e xéneros neles situados e presumirase que tal autorización non existe de non se presenta-la correspondente autorización no momento de ser esixida polos axentes municipais. No caso do apartado anterior, os interesados poderán recupera-los elementos retirados ó aboaren o importe das taxas e demais gastos orixinados por tal retirada, sen prexuízo da sanción correspondente.

5. As infraccións ó disposto na presente Ordenanza serán sancionadas administrativamente, previa instrucción do correspondente expediente administrativo sancionador tramitado de conformidade co disposto na Lei 30/1992, do Réxime xurídico das administracións Públicas e do procedemento administrativo común e co Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado por Rela Decreto 1398/1993.

6. En todo caso, o Órgano instructor do expediente cando sexan detectadas infraccións de índole sanitaria, deberá dar conta inmediata das mesmas ás autoridades sanitarias que correspondan.

*ARTIGO 21. PRESCRICIÓN.*

As infraccións e as sancións previstas nesta Ordenanza prescribirán de acordo co establecido no artigo 132 da Lei 30/1992, do Réxime xurídico das administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

**DISPOSICIÓN DERROGATORIA**

A partir da entrada en vigor da presente Ordenanza quedan derogadas cantas resolucións ou acordos municipais se opoñan, contradigan ou resulten incompatibles co texto que agora se aproba.

**DISPOSICIÓN TRANSITORIA**

Calquera autorización concedida con anterioridade á entrada en vigor da presente ordenanza quedará sen efecto transcorridos tres meses dende a a mentada data; neste prazo os titulares poderán solicitar nova licenza adaptada ó regulado nesta Ordenanza.

Manterase durante un prazo de un ano, contado a partir da entrada en vigor da presente ordenanza a vixencia das autorizacións de venda ambulante otorgadas a sociedades cooperativas e aos seus socios.

Terán preferencia na licitación os vendedores que desenvolven actualmente a súa actividade de venda ambulante.

Os expedientes para a concesión de autorización para venda ambulante que iniciados con anterioridade, se atopen en fase de tramitación á entrada en vigor da presente Ordenanza, axustaranse

nas súas resolucións ó disposto na mesma. A tal efecto requirirase ós/ás interesados/as para que, presenten a documentación adicional que, no seu caso, fora esixible.

#### DISPOSICIÓN FINAL

De conformidade co disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, a presente ordenanza entrará en vigor logo da súa publicación no BOP e de transcorrer os prazos previstos no artigo 65.2 da amentada lei de bases.

A Cañiza, a 18 de xuño de 2012.—O Alcalde, Miguel A. Domínguez Alfonso.

2012006265

#### A N U N C I O

Por medio do presente faise pública a aprobación definitiva do Regulamento regulador do servizo de roupeiro municipal do Concello de A Cañiza (Pontevedra), o cal foi aprobado polo Concello-Pleno na súa sesión de data 27.04.2012 e publicada aos efectos de reclamacións no BOP núm. 91 de data 11.05.2012 e no Taboleiro de anuncios da corporación, sen que durante o prazo de trinta (30) días se presentase reclamación ningunha, polo que o acordo provisional elévase a definitivo.

Contra o acordo de aprobación definitiva, que pon fin á vía administrativa cabe a interposición de recurso contencioso administrativo ante a Sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses a contar dende o día seguinte ao da súa publicación.

#### REGULAMENTO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ROUPEIRO MUNICIPAL:

##### 1. XUSTIFICACIÓN.

O concello de A Cañiza por medio dos servizos sociais municipais e ante a situación de crise actual, considera importante adoptar una serie de medidas co fin de paliar as consecuencias da situación anterior, tratando de apoiar de maneira máis directa as familias con maior necesidade, sobretodo a hora de cubrir necesidades básicas como son a alimentación e o vestiario.

Co fin de dar resposta as necesidades anteriormente mencionadas o Concello propón por en marcha un roupeiro Municipal.

Consideráranse como beneficiarios do recurso, todas aquelas persoas ou grupos familiares empadroados no concello de A Cañiza en difícil situación económica, que teñan dificultades de acceso a medios básicos de supervivencia. Darase prioridade a aquelas persoas ou grupos familiares especialmente vulnerables pola súa dificultade social para afrontar por si mesmos a situación de precariedade na que se atopan, trataríase de: grupos familiares con nenos e anciáns o seu cargo, familias monoparentais, diminuídos, físicos psíquicos e sensoriais, persoas incapacitadas para o seu traballo ou incursas en toxicomanías, menores en situación de desamparo, mulleres maltratadas, minorías étnicas, inmigrantes, refuxiados, exreclusos e anciáns perceptores das pensións máis baixas.

##### 2. OBXECTIVOS A ACADAR CO PROXECTO.

Atender as demandas da poboación do concello de A Cañiza con escasos recursos económicos no relativo a cobertura das necesidades básicas de vestiario e calzado.

##### 3. UBICACIÓN.

Considérase que a ubicación do roupeiro municipal debería ser nunha sala con ventilación adecuada, sen humidade ó mesmo tempo, provista de estanterías e mobiliario axeitado que facilite o clasificado e ordeado da roupa e calzado proponse como lugar idóneo:

- Antiga oficina do INEM no edificio do xulgado.

#### 4. *FUNCIONAMENTO.*

Unha vez acordada a ubicación e a /as persoa/as responsables da organización propia do roupeiro levaríanse acabo as seguintes fases para a súa posta en funcionamento.

##### *Fase A. PUBLICIDADE E INFORMACIÓN A POBOACIÓN.*

Mediante carteis informativos daríase publicidade a posta en marcha do roupeiro municipal:

Elaboración e colocado de carteis informativos: colexios, farmacias, Centro de Saúde, gardería municipal... procederíase da mesma maneira nas parroquias do Concello.

Elaborase un bando explicando o funcionamento do roupeiro e a súa finalidade, para:

- Evitar a entrega en grandes cantidades no inicio da recollida de roupa, e facilitar a organización do roupeiro sobretudo as primeiras semanas, xa que se trata dun proxecto novo.
- Informar da necesidade de entregar a roupa en bo estado, limpa e non deteriorada, evitando así que a poboación utilice o roupeiro como un recurso para desfacerse de prendas que xa non utiliza.
- Establecer algunhas pautas a hora de entregar a roupa: entregala nunha bolsa identificativa ...

Colocarase o bando na páxina do Concello para una maior difusión da actividade.

##### *Fase B. RECOLLIDA – CLASIFICADO E ENTREGA DE ROUPA.*

Proponse a seguinte metodoloxía.

- Establecer un día a semana para a recollida da roupa no lugar acordado, O PRIMEIRO MÉRCORES DE CADA MES EN HORARIO DE 10.00 A 12.00.

Nota: estará una persoa no local, encargada desa actividade proposta dende alcaldía.

- SEGUNDA SEMANA E TERCEIRA DE CADA MES, un día a semana durante 1 hora levar acabo o clasificado da roupa e calzado cando sexa preciso.
- Una vez valorada a solicitude farase entrega da roupa mediante contacto telefónico co usuario (ultima semana do mes.).

As solicitudes como beneficiarios da axuda recolleranse na oficina dos servizos sociais do Concello ou no propio roupeiro.

#### 5. *BAREMO DE ACCESO Ó RECURSO E REQUISITOS.*

##### *Requisitos prioritarios.*

- Deberá achegar a documentación que se lle solicite, para a valoración da súa solicitude.
- Estar empadroados con antelación de alúmenos de 6 meses
- Terán prioridade no reparto as unidades familiares con ingresos inferiores o 25% do IPREM RPC. (VER TABLA ANEXO.)
- O núcleo familiar terá a obriga de aceptar si se considera procedente un proxecto personalizado de inserción constituído por un conxunto de accións tendentes á mellora da integración persoal, familiar, social e, se é o caso, laboral da persoa beneficiaria.

#### 6. *RECURSOS NECESARIOS PARA A POSTA EN PRÁCTICA DO PROXECTO.*

##### *Materiais.*

- Aula que reúna as condicións adecuadas para o almacenamento da roupa provista de estanterías, perchas e caixas.
- Prancha e tabla de pranchado

*Persoais.*

- Técnico responsable da recollida e valoración das solicitudes, supervisión e coordinación do funcionamento xeral do roupeiro.(Técnico dos servizos sociais municipais.).
- Persoa /as encargada da recollida, clasificación e entrega da roupa no horario establecido como proposta.(proposta dende alcaldía)

**7. AVALIACIÓN DO PROXECTO.**

De maneira mensual farase un rexistro de entrada e saída de roupa e calzado do roupeiro municipal.

Da mesma maneira mensualmente actualizarase a lista de persoas solicitantes e beneficiarias do recurso.

En caso de que exista unha acumulación excesiva de roupa valorarase a posibilidade de suprimir durante o tempo preciso o proceso de recollida.

Valorarase a posibilidade de cerrar o roupeiro durante o mes de xullo para limpeza do local e o mesmo tempo reorganizar a roupa e calzado existente.

A Cañiza, a 18 de xuño de 2012.—O Alcalde, Miguel A. Domínguez Alfonso.

**2012006263**

\* \* \*

**LALÍN****E D I C T O**

O Pleno da Corporación do Concello de Lalín, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de xuño de 2012, aprobou provisionalmente o expediente de modificación de crédito número 4-P/2012 de concesión de Crédito Extraordinario dentro do vixente presuposto municipal, financiado con cargo ó Remanente Líquido de Tesourería, por un importe total de 344.160,16 €.

De conformidade co disposto nos artigos 169.1 e 177.2 do RD Lex. 2/2004, de 5 de marzo, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e 20.1 e 38.2 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, o citado expediente quedará exposto ó público no departamento de Intervención deste Concello durante o prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte á data de inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

De non presentar reclamacións durante o período sinalado, o expediente considerarase definitivamente aprobado, en virtude do disposto nos artigos 177.2 en relación co artigo 169.1 do RD Lex. 2/2004 de 5 de marzo, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 38.2 en relación co 20.1 do Real Decreto 500/90, do 20 de abril.

Lalín, s 25 de xuño de 2012.—O Alcalde, José Crespo Iglesias.

**2012006523****A N U N C I O**

O Pleno da Corporación do Concello de Lalín, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de xuño de 2012, aprobou provisionalmente o expediente de modificación de crédito número 4-T/2012 de transferencia de créditos dentro do vixente presuposto municipal, financiado con cargo a baixa doutras partidas non comprometidas, por un importe total de 5.000 €.

De conformidade co disposto nos artigos 169.1 e 179.4 do RD Lex. 2/2004, de 5 de marzo, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e 20.1 e 42.1 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, o citado expediente quedará exposto ó público no departamento de Intervención deste Concello durante

o prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte á data de inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

De non presentar reclamacións durante o período sinalado, o expediente considerarase definitivamente aprobado, en virtude do disposto nos artigos 179.4 en relación co artigo 169.1 do RD Lex. 2/2004 de 5 de marzo, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 42.1 en relación co 20.1 do Real Decreto 500/90, do 20 de abril.

Lalín, s 25 de xuño de 2012.—O Alcalde, José Crespo Iglesias.

2012006522

## A N U N C I O

Esgotado o prazo de exposición ó público do expediente de Modificación de créditos N° 2-T/2012 de Transferencia de Créditos dentro do vixente presuposto municipal, aprobado polo Pleno desta Corporación en sesión celebrada o día 28 de maio do presente ano sen que se presentara reclamación algunha contra deste, considérase definitivamente aprobado, segundo o disposto nos artigos 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 20.1 do Real decreto 500/90, do 20 de abril, a que remiten, respectivamente, os artigos 179.4 daquela e 42.1 deste.

O resumo por capítulos do presuposto municipal vixente, unha vez incorporadas as modificacións operadas queda do xeito seguinte:

### ESTADOS DE GASTOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	EUROS
Cap. 1	Gastos de persoal ... ..	5.146.996,45
Cap. 2	Gastos en bens correntes e servizos ... ..	5.040.136,50
Cap. 3	Gastos financeiros ... ..	108.000,00
Cap. 4	Transferencias correntes ... ..	1.108.856,69
Cap. 6	Investimentos reais ... ..	2.625.192,45
Cap. 7	Transferencias de capital ... ..	178.902,87
Cap. 9	Pasivos financeiros ... ..	961.849,99
<b>TOTAL GASTOS</b>		<b>15.169.934,95 €</b>

### STADOS DE INGRESOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	EUROS
Cap. 1.	Impostos directos ... ..	5.031.000,00
Cap. 2	Impostos indirectos ... ..	285.000,00
Cap. 3	Taxas e outros ingresos ... ..	2.240.572,96
Cap. 4	Transferencias correntes ... ..	4.816.293,42
Cap. 5	Ingresos patrimoniais ... ..	188.400,00
Cap. 6	Alleamento de inversións reais ... ..	297.853,51
Cap. 7	Transferencias de capital ... ..	1.105.168,24
Cap. 8	Activos Financeiros ... ..	1.102.050,27
Cap. 9	Pasivos financeiros ... ..	103.596,55
<b>TOTAL INGRESOS</b>		<b>15.169.934,95 €</b>

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Lalín, a 25 de xuño de 2012.—O Alcalde, José Crespo Iglesias.

2012006524



**O. R. A. L.**

XESTIÓN TRIBUTARIA E CATASTRAL

*Expedientes sancionadores de Tráfico dos concellos de:***BAIONA****E D I C T O****NOTIFICACIÓN DE INICIACIÓN DE EXPEDIENTES SANCIONADORES EN MATERIA DE TRÁFICO**

De conformidade co disposto nos artigos 59.5 e 61 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, por non terse podido practicar a notificación no último domicilio coñecido, fanse públicas as seguintes notificacións de incoación de expedientes sancionadores en materia de tráfico que esta Alcaldía inicia no exercicio das súas atribucións conferidas polo art. 73.1 da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria (en diante LTSV), e nos que actúa como instrutor o Departamento de Sancións deste Concello.

De non ser vostede o responsable da infracción é requirido para que no prazo de 20 días naturais, contados dende o día seguinte ó da notificación desta denuncia, identifique ó condutor responsable da infracción, facilitando o nome completo, número de permiso ou licenza de condución e o seu domicilio. Advírtese que pola falta de identificación do condutor responsable sen causa xustificada ou pola omisión de calquera dato requirido para a identificación incorrerá na infracción que prevé o art. 65.5.j) da LTSV. A sanción pola comisión desta infracción será o dobre da prevista para a infracción orixinaria que a motivou, si é infracción leve, e o triplo, si é infracción grave ou moi grave [art. 67.2 apartado a) da LTSV].

Se vostede é o responsable da infracción, dispón dun prazo de 20 días naturais, contados a partires do día seguinte ó da publicación deste anuncio, para o pagamento da sanción coa redución do 50 %. En caso de desconformidade, no mesmo prazo, pode presentar alegacións contra o feito denunciado ou propor as probas que considere oportunas na súa defensa, podendo estas ser remitidas ó O.R.A.L., Avenida de Marín 9, 36071, Pontevedra, (teléfono 886211580-41580), en calquera das súas Oficinas Periféricas ou á sede de Vigo da Deputación Provincial de Pontevedra, situada na Rúa Oporto, 3, Vigo (Pontevedra), de acordo co disposto no Regulamento do servizo de colaboración na xestión de sancións de tráfico do O.R.A.L., vixente con este concello. De non formular alegacións nin efectuar o pagamento no prazo indicado o órgano resolutor ditará resolución sancionadora.

**ADVERTENCIA PARA OS NÚMEROS DE EXPEDIENTE IDENTIFICADOS CUN "S":** Tralo requirimento realizado ao titular, arrendatario ou condutor habitual do vehículo para que identificase á persoa ou empresa arrendataria do vehículo que conducía ou posuía o vehículo no momento da comisión da infracción [artigo 9.bis.1.a) da LTSV] e á vista de que non o atendeu ou non identificou de xeito veraz no trámite procedimental oportuno, o órgano resolutor, en base aos artigos 73.1 e 65.5.j) da LTSV, INCOA os procedementos sancionadores, expedientes identificados cun "S" na relación que se detalla, nos que actuará como instrutor o Departamento de Sancións do Concello. Dispón dun prazo de 20 días naturais, contados dende o día seguinte desta notificación, para pagar a multa sen que sexa aplicable bonificación ou, en caso de desconformidade, presentar alegacións ou propor as probas que considere oportunas na súa defensa.

Expediente	N.I.F.	Apelidos e nome	Concello	Data/Hora Inf.	Art/Lei	Puntos	Importe
3130/2012	36045156Q	SANROMAN LOPEZ CARMEN	NIGRAN	27/02/2012/19:30	94/CIR	0	200,00
3736/2012	36145577L	DEL PALACIO BAHAMONDE SERGIO JUAN	VIGO	04/03/2012/11:30	94/CIR	0	90,00

Baiona, a 20 de xuño de 2012.—O/A Instrutor/a, ilexible.

**2012006453**

\* \* \*

**CALDAS DE REIS****E D I C T O***NOTIFICACIÓN DE INICIACIÓN DE EXPEDIENTES SANCIONADORES EN MATERIA DE TRÁFICO*

De conformidade co disposto nos artigos 59.5 e 61 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, por non terse podido practicar a notificación no último domicilio coñecido, fanse públicas as seguintes notificacións de incoación de expedientes sancionadores en materia de tráfico que esta Alcaldía inicia no exercicio das súas atribucións conferidas polo art. 73.1 da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria (en diante LTSV), e nos que actúa como instrutor o Departamento de Sancións deste Concello.

De non ser vostede o responsable da infracción é requirido para que no prazo de 20 días naturais, contados dende o día seguinte ó da notificación desta denuncia, identifique ó condutor responsable da infracción, facilitando o nome completo, número de permiso ou licenza de condución e o seu domicilio. Advírtese que pola falta de identificación do condutor responsable sen causa xustificada ou pola omisión de calquera dato requirido para a identificación incorrerá na infracción que prevé o art. 65.5.j) da LTSV. A sanción pola comisión desta infracción será o dobre da prevista para a infracción orixinaria que a motivou, si é infracción leve, e o triplo, si é infracción grave ou moi grave [art. 67.2 apartado a) da LTSV].

Se vostede é o responsable da infracción, dispón dun prazo de 20 días naturais, contados a partires do día seguinte ó da publicación deste anuncio, para o pagamento da sanción coa redución do 50 %. En caso de desconformidade, no mesmo prazo, pode presentar alegacións contra o feito denunciado ou propor as probas que considere oportunas na súa defensa, podendo estas ser remitidas ó O.R.A.L., Avenida de Marín 9, 36071, Pontevedra, (teléfono 886211580-41580), en calquera das súas Oficinas Periféricas ou á sede de Vigo da Deputación Provincial de Pontevedra, situada na Rúa Oporto, 3, Vigo (Pontevedra), de acordo co disposto no Regulamento do servizo de colaboración na xestión de sancións de tráfico do O.R.A.L., vixente con este concello. De non formular alegacións nin efectuar o pagamento no prazo indicado o órgano resolutor ditará resolución sancionadora.

**ADVERTENCIA PARA OS NÚMEROS DE EXPEDIENTE IDENTIFICADOS CUN "S":** Tralo requirimento realizado ao titular, arrendatario ou condutor habitual do vehículo para que identificase á persoa ou empresa arrendataria do vehículo que conducía ou posuía o vehículo no momento da comisión da infracción [artigo 9.bis.1.a) da LTSV] e á vista de que non o atendeu ou non identificou de xeito veraz no trámite procedimental oportuno, o órgano resolutor, en base aos artigos 73.1 e 65.5.j) da LTSV, INCOA os procedementos sancionadores, expedientes identificados cun "S" na relación que se detalla, nos que actuará como instrutor o Departamento de Sancións do Concello. Dispón dun prazo de 20 días naturais, contados dende o día seguinte desta notificación, para pagar a multa sen que sexa aplicable bonificación ou, en caso de desconformidade, presentar alegacións ou propor as probas que considere oportunas na súa defensa.

<i>Expediente</i>	<i>N.I.F.</i>	<i>Apellidos e nome</i>	<i>Concello</i>	<i>Data/Hora Inf.</i>	<i>Art./Lei</i>	<i>Puntos</i>	<i>Importe</i>
4051/2012	35429447V	PEREZ FRESCO M HERMINIA	VILANOVA DE AROUSA	03/05/2012/17:50	91/CIR	0	200,00
4331/2012	44164244N	SANTOS SENIN MARIA CARMEN	VALGA	09/05/2012/18:36	91/CIR	0	200,00

Caldas de Reis, a 20 de xuño de 2012.—O/A Instrutor/a, ilexible.

**2012006454**

\* \* \*

**CAMBADOS****E D I C T O***NOTIFICACIÓN DE INICIACIÓN DE EXPEDIENTES SANCIONADORES EN MATERIA DE TRÁFICO*

De conformidade co disposto nos artigos 59.5 e 61 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, por non terse podido practicar a notificación no último domicilio coñecido, fanse públicas as seguintes notificacións de incoación de expedientes sancionadores en materia de tráfico que esta Alcaldía inicia no exercicio das súas atribucións conferidas polo art. 73.1 da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria (en diante LTSV), e nos que actúa como instrutor o Departamento de Sancións deste Concello.

De non ser vostede o responsable da infracción é requirido para que no prazo de 20 días naturais, contados dende o día seguinte ó da notificación desta denuncia, identifique ó condutor responsable da infracción, facilitando o nome completo, número de permiso ou licenza de condución e o seu domicilio. Advírtese que pola falta de identificación do condutor responsable sen causa xustificada ou pola omisión de calquera dato requirido para a identificación incorrerá na infracción que prevé o art. 65.5.j) da LTSV. A sanción pola comisión desta infracción será o dobre da prevista para a infracción orixinaria que a motivou, si é infracción leve, e o triplo, si é infracción grave ou moi grave [art. 67.2 apartado a) da LTSV].

Se vostede é o responsable da infracción, dispón dun prazo de 20 días naturais, contados a partires do día seguinte ó da publicación deste anuncio, para o pagamento da sanción coa redución do 50 %. En caso de desconformidade, no mesmo prazo, pode presentar alegacións contra o feito denunciado ou propor as probas que considere oportunas na súa defensa, podendo estas ser remitidas ó O.R.A.L., Avenida de Marín 9, 36071, Pontevedra, (teléfono 886211580-41580), en calquera das súas Oficinas Periféricas ou á sede de Vigo da Deputación Provincial de Pontevedra, situada na Rúa Oporto, 3, Vigo (Pontevedra), de acordo co disposto no Regulamento do servizo de colaboración na xestión de sancións de tráfico do O.R.A.L., vixente con este concello. De non formular alegacións nin efectuar o pagamento no prazo indicado o órgano resolutor ditará resolución sancionadora.

**ADVERTENCIA PARA OS NÚMEROS DE EXPEDIENTE IDENTIFICADOS CUN "S":** Tralo requirimento realizado ao titular, arrendatario ou condutor habitual do vehículo para que identificase á persoa ou empresa arrendataria do vehículo que conducía ou posuía o vehículo no momento da comisión da infracción [artigo 9.bis.1.a) da LTSV] e á vista de que non o atendeu ou non identificou de xeito veraz no trámite procedimental oportuno, o órgano resolutor, en base aos artigos 73.1 e 65.5.j) da LTSV, INCOA os procedementos sancionadores, expedientes identificados cun "S" na relación que se detalla, nos que actuará como instrutor o Departamento de Sancións do Concello. Dispón dun prazo de 20 días naturais, contados dende o día seguinte desta notificación, para pagar a multa sen que sexa aplicable bonificación ou, en caso de desconformidade, presentar alegacións ou propor as probas que considere oportunas na súa defensa.

Expediente	N.I.F.	Apellidos e nome	Concello	Data/Hora Inf.	Art/Lei	Puntos	Importe
2086/2012	X 5740857B	ARELLANO MEJIAS JONATHAN JOSUE	VILAGARCIA DE AROUSA	07/02/2012/10:27	91/CIR	0	200,00

Cambados, a 20 de xuño de 2012. — O/A Instrutor/a, ilexible.

**2012006456**

\* \* \*

**CANGAS****E D I C T O***NOTIFICACIÓN DE INICIACIÓN DE EXPEDIENTES SANCIONADORES EN MATERIA DE TRÁFICO*

De conformidade co disposto nos artigos 59.5 e 61 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, por non terse podido practicar a notificación no último domicilio coñecido, fanse públicas as seguintes notificacións de incoación de expedientes sancionadores en materia de tráfico que esta Alcaldía inicia no exercicio das súas atribucións conferidas polo art. 73.1 da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria (en diante LTSV), e nos que actúa como instrutor o Departamento de Sancións deste Concello.

De non ser vostede o responsable da infracción é requirido para que no prazo de 20 días naturais, contados dende o día seguinte ó da notificación desta denuncia, identifique ó condutor responsable da infracción, facilitando o nome completo, número de permiso ou licenza de condución e o seu domicilio. Advírtese que pola falta de identificación do condutor responsable sen causa xustificada ou pola omisión de calquera dato requirido para a identificación incorrerá na infracción que prevé o art. 65.5.j) da LTSV. A sanción pola comisión desta infracción será o dobre da prevista para a infracción orixinaria que a motivou, si é infracción leve, e o triplo, si é infracción grave ou moi grave [art. 67.2 apartado a) da LTSV].

Se vostede é o responsable da infracción, dispón dun prazo de 20 días naturais, contados a partires do día seguinte ó da publicación deste anuncio, para o pagamento da sanción coa redución do 50 %. En caso de desconformidade, no mesmo prazo, pode presentar alegacións contra o feito denunciado ou propor as probas que considere oportunas na súa defensa, podendo estas ser remitidas ó O.R.A.L., Avenida de Marín 9, 36071, Pontevedra, (teléfono 886211580-41580), en calquera das súas Oficinas Periféricas ou á sede de Vigo da Deputación Provincial de Pontevedra, situada na Rúa Oporto, 3, Vigo (Pontevedra), de acordo co disposto no Regulamento do servizo de colaboración na xestión de sancións de tráfico do O.R.A.L., vixente con este concello. De non formular alegacións nin efectuar o pagamento no prazo indicado o órgano resolutor ditará resolución sancionadora.

**ADVERTENCIA PARA OS NÚMEROS DE EXPEDIENTE IDENTIFICADOS CUN "S":** Tralo requirimento realizado ao titular, arrendatario ou condutor habitual do vehículo para que identificase á persoa ou empresa arrendataria do vehículo que conducía ou posuía o vehículo no momento da comisión da infracción [artigo 9.bis.1.a) da LTSV] e á vista de que non o atendeu ou non identificou de xeito veraz no trámite procedimental oportuno, o órgano resolutor, en base aos artigos 73.1 e 65.5.j) da LTSV, INCOA os procedementos sancionadores, expedientes identificados cun "S" na relación que se detalla, nos que actuará como instrutor o Departamento de Sancións do Concello. Dispón dun prazo de 20 días naturais, contados dende o día seguinte desta notificación, para pagar a multa sen que sexa aplicable bonificación ou, en caso de desconformidade, presentar alegacións ou propor as probas que considere oportunas na súa defensa.

Expediente	N.I.F.	Apelidos e nome	Concello	Data/Hora Inf.	Art/Lei	Puntos	Importe
3891/2012	35315279K	POUSADA SANTOS MARIA TERESA	CANGAS	17/04/2012/07:16	154/CIR	0	200,00

Cangas, a 20 de xuño de 2012.—O/A Instrutor/a, ilexible.

**2012006455**

\* \* \*

**A ESTRADA****E D I C T O***NOTIFICACIÓN DE INICIACIÓN DE EXPEDIENTES SANCIONADORES EN MATERIA DE TRÁFICO*

De conformidade co disposto nos artigos 59.5 e 61 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, por non terse podido practicar a notificación no último domicilio coñecido, fanse públicas as seguintes notificacións de incoación de expedientes sancionadores en materia de tráfico que esta Alcaldía inicia no exercicio das súas atribucións conferidas polo art. 73.1 da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria (en diante LTSV), e nos que actúa como instrutor o Departamento de Sancións deste Concello.

